


Boletín de ejercicios: ECUACIONES

- 1.- Calcula un número tal que o seu dobre máis a súa cuarta parte sexa igual a 54.
 - 2.- Cando Andreia foi de compras gastou $\frac{1}{3}$ dos seus cartos en roupa, $\frac{3}{5}$ en agasallos para a súa irmá e o resto, un total de 8 €, nun disco. ¿Con cantos cartos saíu Andreia da casa?
 - 3.- Nunha reunión de alumnos, hai o dobre de alumnos da ESO que de ciclos e hai catro alumnos menos de bacharelato que da ESO. Se en total se reúnen 26 alumnos, ¿cantos hai de cada curso?
 - 4.- André decide repartir o seu soldo entre os seus fillos: ao maior dälle $\frac{1}{4}$; ao mediano $\frac{2}{3}$ do resto e ao pequeno dälle 400€. ¿Cal é o soldo de André?
 - 5.- Do seguinte triángulo rectángulo sabemos que a hipotenusa mide 4 cm menos que a suma dos dous catetos e que o perímetro mide 24 cm. ¿Cales son as dimensións do triángulo?
- 
- 6.- Lara ten 5 anos máis que Sara e esta última ten 9 anos máis que Mara. Se entre as tres irmás suman un total de 38 anos, ¿que idade ten cada unha delas?
 - 7.- Nunha bolsa hai o dobre de caramelos de limón que de menta; o triple de laranxa que de menta ; e de chocolate hai 5 caramelos máis que de limón. Se na bolsa hai 37 caramelos, ¿cantas hai de cada sabor?
 - 8.- Calcula catro números consecutivos que sumen 54.
 - 9.- Dunha finca rectangular sabemos que o ancho mide 6 metros menos que o longo e que o perímetro vale 108 metros. ¿Cales son as dimensións da finca?
 - 10.- Calcula un número cuxo quintuplo menos os $\frac{3}{4}$ de dito número sexa igual ao triple da suma dese número máis cinco.
 - 11.- Reparte 568 moedas entre tres persoas de xeito que a primeira reciba 36 bolívaes máis que a segunda e a terceira reciba tanto como as outras dúas persoas xuntas.

12.- Resolve as seguintes ecuacións:

a) $5x + 2x - 6 - x = x - 7 + 4x + 3$

b) $2 - 3x + x + 2 = 7 - 5x$

c) $2(x - 1) + 3(x + 2) = 9$

d) $3(2x - 5) - 2(x - 2) = 3x - 8$

e) $\frac{2x - 3}{4} - \frac{3x - 1}{3} = \frac{3 - x}{5} + \frac{2x - 1}{12}$

f) $\frac{2x - 1}{3} + \frac{3x + 1}{4} = 1 - \frac{x - 3}{6}$

g) $\frac{x - 1}{3} - x = \frac{x - 1}{2}$